

**6241** *LEI 5/2003, do 27 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 4.453.948,73 euros, para o pagamento de indemnizacións derivadas do cumprimento de distintos autos dictados en execución da sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, nos que se reconece o dereito dos reclamantes a seren indemnizados polos danos ocasionados pola rotura da presa de Tous. («BOE» 75, do 28-3-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario ten por obxecto dota-los recursos necesarios para lle dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, que estimou o recurso 455/97, interposto polos afectados polos danos derivados da rotura da presa de Tous (Valencia), acaecida o 20 de outubro de 1982.

A resolución da sentenza estima o recurso interposto pola representación procesual dos recorrentes, adoptando, entre outros, os seguintes pronunciamentos:

Declara a responsabilidade patrimonial directa da Administración do Estado, por funcionamento anormal do servizo público no conxunto das actuacións (esencialmente por omisión) determinantes da rotura da presa de Tous (Valencia).

Condena a Administración do Estado a indemniza-los recorrentes que figuran na parte dispositiva da sentenza, nos danos e perdas producidos polo esborrallamento da presa de Tous que non fosen indemnizados na sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997. A determinación e cuantificación líquida realizarase en trámite de execución de sentenza, mediante auto, consonte os criterios sinalados polo tribunal.

A Administración do Estado está obrigada a aboa-lo xuro legal das cantidades resultantes, desde que foron reclamadas ata o seu completo pagamento.

A mesma Sala, Sección e Tribunal dictou cincuenta e tres autos, en trámite de execución de sentenza, nos que se fixa a cantidade concreta que debe percibir cada reclamante en concepto de indemnización, mailos xuros legais que se xerasen ata o seu completo pagamento.

Coa finalidade de atender-las obrigas derivadas do cumprimento da sentenza e dos autos aludidos, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado.

#### Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 4.453.948,73 euros, á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», programa 512A «Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 483 «Para atender indemnizacións derivadas da rotura da presa de Tous, en cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 1997».

#### Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

#### Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda para amplia-lo crédito que se concede na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**6242** *LEI 6/2003, do 27 de marzo, pola que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 64.283.447,91 euros, para atender obrigas de exercicios anteriores derivadas de gastos correntes en bens e servizos, gastos financeiros, transferencias correntes e investimentos reais do Ministerio do Interior. («BOE» 75, do 28-3-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade co sinalado no artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, con cargo ós créditos de cada orzamento só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, o número 2 deste artigo establece os requisitos para que, en determinadas circunstancias, se imputen ó orzamento dun exercicio obrigas xeradas en exercicios anteriores.

O Ministerio do Interior debe atender-lo pagamento de diversas obrigas procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio corrente por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o citado artigo 63. Estas obrigas, que ascenden a 64.283.447,91 euros, derivan de gastos correntes en bens e servizos por importe de 63.786.758,88 euros; de gastos financeiros, por importe de 177.736,67 euros; de transferencias correntes, por importe de 307.123,13 euros; e de investimentos reais, por importe de 11.829,23 euros.

Dado que se trata de obrigas esixibles da Administración para a cobertura das cales non existe crédito nos vixentes orzamentos xerais do Estado, tramítanse os presentes créditos extraordinarios, de acordo co Consello de Estado.

**Artigo 1. Concesión dos créditos extraordinarios.**

Para atender obrigas de exercicios anteriores concédense créditos extraordinarios por importe de 64.283.447,91 euros, no vixente orzamento da sección 16 «Ministerio do Interior», co detalle que se recolle no anexo.

**Artigo 2. Financiamento dos créditos extraordinarios.**

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 financiaranse con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**ANEXO**

**Concesión de créditos extraordinarios**

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
------------	--------------	--------------------

*Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais*

**Programa 221.A: «Dirección e Serv. Xerais de Seguridade e Protección Civil»**

Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 290.	Material de oficina.	
	01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións ...	5.184,11
Concepto 291.	Subministracións.	
	03 Combustibles .....	6.742,85
	99 Outras subministracións .....	2.019,88
Concepto 292.	Comunicacións.	
	99 Outras .....	1.363,99
Concepto 296.	Gastos diversos.	
	02 Publicidade e propaganda .....	1.333,00
Concepto 297.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	
	06 Estudos e traballos técnicos .....	2.115,23
Concepto 299.	Outros gastos correntes.	
	03 Transportes .....	365.176,61

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
Artigo 48.	A familias e institucións sen fins de lucro.	
Concepto 480.	En aplicación da Lei 32/1999, do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	1.194,97
Artigo 39.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 395.	Xuros de demora .....	20.287,99
Artigo 49.	Ó exterior.	
Concepto 498.	Traballos forestais Cantón de Montguyón, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	192.362,69
Total Servicio 01: Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais .....		597.781,32

*Servicio 03: Dirección Xeral da Policía*

**Programa 222.A: «Seguridade cidadá»**

Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Concepto 290.	Material de oficina.	
	00 Ordinario non inventariable .....	253.344,26
	01 Prensa, revistas, libros e outras publicacións ...	5.806,05
	02 Material informático non inventariable .....	299.299,58
Concepto 291.	Subministracións.	
	00 Enerxía eléctrica .....	1.156.480,86
	01 Auga .....	712.274,92
	02 Gas .....	219.356,07
	03 Combustible .....	2.020.944,19
	04 Vestiario .....	711,12
	05 Productos alimenticios .....	833.270,06
	06 Productos farmacéuticos e material sanitario .....	91.710,17
	09 Elaborados da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre .....	9.710.705,40
	11 Subministracións de recambios de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte ..	1.475.194,80
	12 Subministracións de material electrónico, eléctrico e de comunicacións .....	108.765,48
	99 Outras subministracións .....	593.557,17
Concepto 292.	Comunicacións.	
	00 Telefónicas .....	13.470.982,28
	01 Postais .....	862.776,06
	02 Telegráficas .....	30.896,91
	03 Télex e telefax .....	114,60
	04 Informáticas .....	30.665,34
	99 Outras .....	47.800,16
Concepto 293.	Indemnizacións por razón do servicio.	
	00 Axudas de custo .....	4.646,37
	01 Locomoción .....	8.611.408,64

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)	Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
Concepto 294.	Arrendamentos e canons. 02 Arrendamentos edificios e outras construcións .....	55.043,49	Concepto 292.	Comunicacións. 00 Telefónicas .....	1.470.658,99
Concepto 295.	Tributos. 00 Estatais .....	540,91	01 Postais .....	270.590,70	
	01 Autonómicos .....	699,72	02 Telegráficas .....	274,96	
	02 Locais .....	49.835,68	03 Télex e telefax .....	74.806,22	
Concepto 296.	Gastos diversos. 02 Publicidade e propaganda .....	24.861,31	Concepto 293.	Indemnizacións por razón do servicio. 00 Axudas de custo .....	28.208,89
	06 Reunións, conferencias e cursos .....	7.152,19	01 Locomoción .....	2.100.520,88	
	11 Gastos protocolarios e representativos derivados de actos institucionais .....	3.526,70	02 Traslado .....	240.427,49	
	99 Outros .....	67.118,74	03 Outras indemnizacións	178.759,72	
Concepto 297.	Traballos realizados por outras empresas e profesionais. 00 Limpeza e aseo .....	105.946,19	Concepto 294.	Arrendamentos e canons. 02 Arrendamentos edificios e outras construcións .....	386.507,74
	06 Estudos e traballos técnicos .....	184.699,38	Concepto 295.	Tributos. 02 Locais .....	789,80
	99 Outros .....	45.176,86	Concepto 296.	Gastos diversos. 11 Gastos protocolarios e representativos derivados de actos institucionais .....	2.540,65
Concepto 298.	Reparacións, mantemento e conservación. 02 Edificios e outras construcións .....	315.323,38	99 Outros .....	144.098,27	
	03 Maquinaria, instalacións e ferramenta .....	67.264,07	Concepto 298.	Reparacións, mantemento e conservación. 04 Elementos de transporte .....	25.656,21
	04 Elementos de transporte .....	657.970,19	Concepto 299.	Outros gastos correntes. 03 Transportes .....	46.653,62
	05 Mobiliario e enxoval ...	1.405,06	Total Servicio 04: Dirección Xeral da Garda Civil .....	5.542.303,28	
	06 Equipos para procesos da información .....	1.034.186,51	<i>Servicio 05: Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias</i>		
Concepto 299.	Outros gastos correntes. 03 Transportes .....	156.855,69	Programa 222.E: «Centros e institucións penitenciarias»		
	04 Primas de seguros .....	546.262,32	Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
Artigo 39.	Obrigas de exercicios anteriores.		Concepto 291.	Subministracións e material. 00 Enerxía eléctrica .....	2.374.457,04
Concepto 392.	Xuros de demora .....	157.448,68	03 Combustible .....	2.387.764,95	
Artigo 69.	Obrigas de exercicios anteriores.		06 Productos farmacéuticos e material sanitario .	4.075.517,01	
Concepto 693.	Investimento de reposición asociada ó funcionamento operativo dos servicios .....	11.829,23	Concepto 292.	Comunicacións. 01 Postais .....	17.940,64
Total Servicio 03: Dirección Xeral da Policía		44.033.856,79	Concepto 294.	Arrendamentos e canons. 06 Arrendamentos equipos para procesos da información .....	90.586,61
<i>Servicio 04: Dirección Xeral da Garda Civil</i>			Concepto 299.	Outros gastos correntes. 02 Outros concertos de asistencia sanitaria .....	5.043.714,42
Programa 222.A: «Seguridade cidadá»			Artigo 46.	A Corporacións locais.	
Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.		Concepto 469.	Depósitos municipais, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	110.744,04
Concepto 291.	Subministracións. 00 Enerxía eléctrica .....	3.161,11	Total Servicio 05: Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias .....	14.100.754,71	
	01 Auga .....	121.840,09	<i>Servicio 06: Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas</i>		
	02 Gas .....	644,39	Programa 313.G: «Plan Nacional sobre Drogas»		
	03 Combustible .....	153.703,40	Artigo 29.	Obrigas de exercicios anteriores.	
	11 Subministración de recambios de maquinaria, ferramenta e elementos de transporte ..	257.196,73			
	99 Outras subministracións .....	35.263,42			

Aplicación	Denominación	Importe (en euros)
Concepto 294.	Arrendamentos e canons. 02 Arrendamentos edificios e outras construcións .....	5.960,38
Artigo 49. Concepto 499.	Ó exterior. Cotas a organismos internacionais, para atender obrigas de exercicios anteriores .....	2.791,43
Total Servicio 06: Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas .....		8.751,81
Total créditos extraordinarios .....		64.283.447,91

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6252** *ORDE APA/680/2003, do 21 de marzo, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola. («BOE» 75, do 28-3-2003.)*

O Regulamento (CE) 1493/1999 do 17 de maio, do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, dispón, no seu artigo 19, que os estados membros clasificarán as variedades de vide destinadas á produción de viño.

O Regulamento (CE) 1227/2000 do 31 de maio, da Comisión, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, no relativo ó potencial de produción, no seu artigo 20, especifica que xunto ó nome dunha variedade, se engadirán sinónimos se os houber e a cor da uva, todo isto conforme o previsto na Oficina Internacional da Viña e o Viño (O.I.V.), a Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV) e o Consello Internacional de Recursos Fitoxenéticos (CIRF).

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, establece nos seus artigos 27 e 28 definicións e categorías de clasificación relativas ás variedades de vide e recolle no seu anexo IV a clasificación das referidas variedades.

As comunidades autónomas, en virtude da competencia que lles atribúe o artigo 31 do citado Real decreto 1472/2000, efectuaron clasificacións de variedades de vide, no ámbito dos seus respectivos territorios, de acordo coas necesidades da súa viticultura.

Resulta necesario, polo tanto, modifica-lo anexo IV do Real decreto 1472/2000, recollendo as variacións sufridas nel como consecuencia das actuacións descritas no parágrafo anterior.

As variedades que se recollen nesta orde están de acordo co disposto na Orde APA/748/2002, do 21 de marzo, pola que se dispón a inscrición de variedades e portaenxertos de vide na lista de variedades comerciais de plantas.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 1472/2000 habilita o ministro de Agricultura, Pesca e

Alimentación para modifica-los seus anexos, co fin de adaptalos ás variacións que se produzan.

As comunidades autónomas e os sectores afectados foron consultados na elaboración desta orde.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo IV do Real decreto 1472/2000.*

O anexo IV do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda substituído polo anexo desta orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de marzo de 2003.

ARIAS CAÑETE

### «ANEXO IV

#### Clasificación das variedades de vide

##### VARIETADES DE UVA DE VINIFICACIÓN

#### 1. Comunidade Autónoma de Andalucía

Provincias: Almería, Cádiz, Córdoba, Granada, Huelva, Jaén, Málaga, Sevilla.

##### Variedades recomendadas:

Baladí verdejo, B.  
Garrido fino, B.  
Listán, B.  
Moscatel de Alejandría, B.  
Palomino Fino, B.  
Palomino, B.  
Pedro Ximénez, B.

##### Variedades autorizadas:

Airén, Lairén, B.  
Cabernet Franc, T.  
Cabernet Sauvignon, T.  
Chardonnay, B.  
Calagraño, Jaén, B.  
Chelva, Montua, Uva Rey, B.  
Colombard, B.  
Doradilla, B.  
Garnacha tinta, T.  
Macabeo, B.  
Merlot, T.  
Molinera, T.  
Mollar cano, T.  
Monastrell, T.  
Moscatel de grano menudo, Moscatel morisco, B.  
Perruno, B.  
Petit Verdot, T.  
Pinot Noir, T.  
Prieto Picudo, T.  
Rome, T.  
Sauvignon Blanc, B.  
Syrah, T.  
Tempranillo, T.  
Tintilla de Rota, T.  
Torrónés, B.  
Vijiriego, Vijariego, B.  
Zalema, B.